

23951 *CORRECCIÓN de erros da Lei 33/1999, do 18 de outubro, sobre concesión de créditos extraordinarios por un importe total de 30.435.217.623 pesetas, para atender insuficiencias de crédito nos exercicios 1997 e 1998, polas subvencións que se efectúan para a cobertura das diferencias de cambio das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe. («BOE» 300, do 16-12-1999.)*

Advertido erro no texto da Lei 33/1999, do 18 de outubro, sobre concesión de créditos extraordinarios por un importe total de 30.435.217.623 pesetas, para atender insuficiencias de crédito nos exercicios 1997 e 1998, polas subvencións que se efectúan para a cobertura das diferencias de cambio das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 12 en lingua galega, do 15 de novembro de 1999, procédese a efectuar a oportuna modificación:

Na páxina 605, segunda columna, artigo 1, última liña, onde di: «... no exercicio 1998», debe dicir: «... no exercicio 1997.»

24003 *LEI 47/1999, do 16 de decembro, pola que se modifica o artigo 5 da Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección ás familias numerosas. («BOE» 301, do 17-12-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección ás familias numerosas, resérvalle-las beneficios que nela se establecen ás persoas que dispoñen dun «título de familia numerosa». Unha das condicións para obter este título é a residencia no territorio español.

Aínda que os beneficios establecidos na dita lei se estenden ós cidadáns comunitarios residentes no noso país en aplicación do principio de non-discriminación por razón de nacionalidade, recollido en diferentes regulamentos comunitarios relativos á libre circulación de traballadores na Unión Europea, non ocorre así, emporiso, cos cidadáns comunitarios non residentes no noso país, aínda que traballen dentro das nosas fronteiras.

Tanto o Regulamento (CEE) 1612/68, relativo ós traballadores por conta allea, como o artigo 52 do Tratado CE, relativo ós autónomos, establecen que os traballadores comunitarios disfrutan das mesmas vantaxes sociais cós traballadores nacionais.

En idéntico sentido se pronunciou reiteradamente a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza comunitario, ó dictaminar que a regra de igualdade de trato prohibe non só as discriminacións ostensibles baseadas na nacionalidade, senón tamén tódalas formas encubertas de discriminación que, por aplicación doutros criterios de distinción, conducen de feito ó mesmo resultado. É o caso do requisito de residencia que reúnen máis facilmente os traballadores nacionais cós dos demais estados membros.

Prodúcese, xa que logo, e de feito, unha incompatibilidade formal entre a normativa española de protec-

ción ás familias numerosas e os diferentes regulamentos comunitarios que establecen a igualdade de trato, en relación cos nacionais, no tocante ás vantaxes sociais que se lles conceden a eles e ós membros das súas familias, o que fai necesaria a adecuación da normativa española ás esixencias lexislativas e xurisprudenciais comunitarias, incluíndo as derivadas da ratificación do Acordo sobre o espazo económico europeo.

Artigo único.

O parágrafo primeiro do artigo 5 da Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección ás familias numerosas, queda redactado nos seguintes termos:

«O cabeza de familia deberá ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou dalgún dos restantes estados parte no Acordo sobre o espazo económico europeo e te-la residencia en territorio español, ou exercer unha actividade por conta propia ou por conta allea en España, aínda que resida noutro estado membro da Unión Europea ou nalgún dos restantes estados parte do Acordo sobre o espazo económico europeo.

Canto ós fillos, seralles de aplicación, en todo caso, o previsto na condición segunda do artigo 4.»

Disposición derradeira primeira.

O Goberno, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, elaborará e aprobará un proxecto de lei de modificación da Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección ás familias numerosas, o cal abordará con profundidade unha reforma dela e no que se terán en conta, en todo caso, as conclusións que se desprenden do informe elaborado pola subcomisión creada no seo da Comisión de Política Social, co obxectivo de estudar a situación actual da familia en España e coñecer e propoñerlle actuacións ó Goberno, aprobadas polo Pleno do Congreso dos Deputados na súa sesión do 13 de novembro de 1997.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24060 *REAL DECRETO LEI 22/1999, do 17 de decembro, polo que se concede un crédito extraordinario por importe de 38.472.463.379 pesetas, para aplicar a orzamento as indemnizacións satisfeitas ós afectados pola síndrome tóxica e se complementa o Real decreto lei 18/1999, de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito para atender gastos de investimento do Ministerio de Fomento. («BOE» 302, do 18-12-1999.)*

O Real decreto lei 3/1999, do 26 de febreiro, sobre pagamento das indemnizacións derivadas da sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo do 26 de setembro de 1997, ós afectados pola síndrome tóxica, esta-